



## INFORMACIÓN ALERTA LARANXA

Alerta laranxa por refachos de vento de ata 100/km durante o 22 de novembro na provincia da Coruña e mariña de Lugo  
Mar, 21/11/2017 - 16:14

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e Meteogalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel **laranxa**, **dende as 9 horas en adiante (aproximadamente) do mércores 22 de novembro de 2017**, por refachos de vento de ata 100km/h que afectarán as zonas de predición meteorolóxica **da provincia da Coruña e da Mariña de Lugo**.

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou a **suspensión das actividades no exterior a partir das 9.00h das instalacións do centro escolar destas zonas afectadas**, con seguimento das condicións climáticas.

Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopa un centro supuxesen un risco maior, os/as directores/as poderán adoptar as decisións oportunas respecto das actividades no exterior do centro educativo ou sobre as actividades extraescolares.

A información meteorolóxica poderá ser consultada a través da páxina web do CAE 112 ([www.axegal12.org](http://www.axegal12.org)) ou <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23706>

**A DIRECCIÓN**